


**Programación didáctica**  
DEPARTAMENTO DE FRANCÉS  
1º ESO



**IES A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda s/n

15930 · Boiro (A Coruña)

981·84·88·19

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesacachada>

## Índice

1. Introducción e contextualización	3
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	4
3. Obxectivos	5
4. Contidos: temporalización	8
5. Criterios de avaliación	13
6. Estándares de aprendizaxe	17
6.1. Grao mínimo de consecución para superar a materia	17
7. Procedementos e instrumentos de avaliación	22
8. Criterios de cualificación e promoción do alumnado	23
9. Organización de actividades de recuperación de materias pendentas	23
10. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados	24
11. Metodoloxía	24
12. Materiais e recursos didácticos	25
13. Medidas de atención á diversidade	25
14. Elementos transversais	26
15. Actividades complementarias e extraescolares	26
16. Indicadores de logro	26
17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das PD en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	26

## 1. Introducción e contextualización

Nome do centro	IES A Cachada
Código	15027851
Oferta Educativa	ESO
Composición do Departamento	Berta Gómez López (XD - PES - Destino definitivo) Olga López Taladrid (ED - PES - Destino definitivo) Joaquín Morales Leyva (PES EPeV afín Francés - Destino definitivo)
Materias asignadas ao Departamento	FLE1 (Francés 1ª Lingua Estranxeira) en 4º ESO FLE2 (Francés 2ª Lingua Estranxeira) en 1º, 2º, 3º e 4º ESO
Medios materiais a disposición do Departamento	Aula de Francés, dotada de ordenador e proxector . Sitio web: <a href="http://moncoursdefle.jimdo.com">moncoursdefle.jimdo.com</a> . Blog: <a href="http://exofle.blogspot.com">http://exofle.blogspot.com</a> . Biblioteca do centro

### Reparto horario e de grupos

Total horas Departamento	39
Horas asignadas ao Departamento	28 Olga 11 Berta 17
Horas de redución	3+8
Horas asignadas ao Dpto. EpeV	4

Berta	1º B	2º A	2º B	2º C	2ºD	3º AD*	3º BC*	4º ABC
Olga	1º C	1º E*	1º F*	2º E	4º B			
Joaquín	1º A	1º D						

\*A SB de EPeV en 1º ESO sitúase nos grupos E e F; a de 3º ESO nos grupos A e B

### Normativa de referencia empregada na elaboración desta programación

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, **LOMCE** ([BOE 10/12/2013](http://www.boe.es/boe-2013-12-10))
- Decreto 86/2015 do 25 de xuño ([DOG 29/06/2015](http://www.dog.es/DOG-2015-06-29)) polo que se establece o **currículo da educación secundaria obrigatoria** e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde EDC/65/2015 do 21 de xaneiro, pola que se describen as **relacións entre as competencias**,

**os contidos e os criterios de avaliación** da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

- Orde sobre **Avaliación** do 28 de agosto de 1995 ([BOE 20/09/95](#)) e sobre **Avaliación en Galicia**, Orde do 21 de decembro do 2007 ([DOG 07/01/08](#)). Artigo 96 do Decreto 324/1996 ([DOG 9/08/96](#)) polo que se aproba o **Regulamento Orgánico dos IES** (para a elaboración da Programación) e Orde do 1 de agosto do 97 ([DOG 2/09/97](#)) pola que se desenvolve o Decreto (art. 50, para a elaboración da Memoria).
- Decreto 127/2007 ([DOG 29/06/07](#)) polo que se regula o **uso e promoción do galego** no sistema educativo.
- ORDE do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as **seccións bilingües** en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o **plurilingüismo no ensino** non universitario de Galicia.

## 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

---

- **Comunicación lingüística (CCL)**

Sen dúbida, é a competencia á que esta materia contribuirá de xeito máis directo. Sendo o francés unha das dúas linguas estranxeiras que o alumnado aprenderá durante a súa escolaridade, estamos contribuíndo ao plurilingüismo, un dos sinais de identidade da cidadanía nunha Europa multilingüe e multicultural, tal e como o recolle o Consello Europeo.

O desenvolvemento do currículo de francés incorpora unha referencia expresa ao plurilingüismo, na medida en que a competencia en cada lingua interactúa e se enriquece co coñecemento das outras linguas, e contribúe a desenvolver destrezas e capacidades que son a base da competencia en comunicación lingüística. Isto, e a alusión igualmente explícita a actitudes interculturais de respecto a diferentes xeitos de expresarse e actuar, promove o desenvolvemento simultáneo do plurilingüismo e da interculturalidade.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**

Dado que estas competencias aluden ás capacidades para aplicar os razoamento lóxicos, deductivos e inductivos para resolver cuestións da vida cotiá, a nosa materia contribuirá transversalmente a esta competencia. Botarase man deste tipo de razoamentos para deducir funcionamentos da lingua, ferramentas lingüísticas coma dicionarios e conxugadores, etc.

- **Competencia dixital (CD)**

Na nosa materia usaremos as ferramentas dixitais de xeito continuado, reflexionando criticamente sobre a utilidade das ferramentas escollidas, a veracidade da información obtida e a seguridade coa

que conta a persoa usuaria ao facelo.

- **Aprender a aprender (CAA)**

Traballaremos activamente a autonomía do alumnado para resolver situacións lingüísticas descoñecidas. Daremos especial importancia a vencer o medo do erro e da incompreensión e tratarémolo como etapa ineludible da aprendizaxe. Será moi importante o uso da lingua meta como lingua franca, de maneira que se adquiran as ferramentas necesarias para resolver situacións de incompreensión e/ou incomunicación por déficit lexical.

- **Competencias sociais e cívicas (CSC)**

A nosa metodoloxía no traballo de aula contribuirá a desenvolver a capacidade do alumnado para relacionarse cos seus iguais de maneira activa, participativa e democrática. Os proxectos intercentros de correspondencia postal e intercambio lingüístico contribúen a coñecer outras realidades que abordaremos dende o respecto á diferenza, que valoraremos positivamente, e fomentando a curiosidade polo outro.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Otorgaremos responsabilidades e autonomía ao alumnado para levar a termo tarefas que impliquen o desenvolvemento da súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nela (CAA), máis tamén as súas habilidades para: converter as ideas en actos, organizar as súas tarefas e tempo, traballar de maneira individual ou colectiva para acadar un obxectivo, asumir riscos; en definitiva, planificar e xestionar proxectos.

- **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

Aproveitando que unha lingua estranxeira é o vehículo e expresión dunha cultura, entendendo como cultura a música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura, entraremos en contacto con eses ámbitos da cultura estranxeira. Dado que moi probablemente serán aspectos descoñecidos para o noso alumnado trataremos de desenvolver a súa capacidade a apreciarlos dende o respecto á diferenza.

En 1º ESO ofértase unha sección bilingüe en Educación Plástica e Visual, polo que a contribución a esta competencia será inequívoca para unha parte do alumnado.

### 3. Obxectivos

---

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse

para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras

persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

#### 4. Contidos: temporalización

TRIMESTRE	BLOQUE	CONTIDOS
1º	Bloque I	<p>B1.1 Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</li> <li>– Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.</li> <li>– Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.</li> </ul> <p>B1.2 Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.4 Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).</p>
	Bloque II	<p>B2.1 Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</li> <li>– Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica.</li> <li>– Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos                             <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta.</li> <li>○ Petición de axuda.</li> <li>○ Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</li> </ul> </li> </ul> <p>B2.2 Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3 Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas.</p>
	Bloque III	<p>B3.1 Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</li> <li>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)</li> <li>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</li> </ul> <p>B3.2 Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>
	Bloque IV	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Planificación:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</li> </ul> </li> <li>– Execución:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</li> <li>○ Estruturación do contido do texto.</li> </ul> </li> </ul>



		<ul style="list-style-type: none"> <li>– Revisión:             <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</li> <li>○ Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</li> <li>○ Reescritura definitiva.</li> </ul> </li> </ul>
	<p>Bloque V</p>	<p>B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Sons e fonemas vocálicos.</li> <li>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</li> <li>– Procesos fonolóxicos máis básicos.</li> <li>– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</li> </ul> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</li> </ul> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</li> </ul> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</li> <li>– Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</li> <li>– Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</li> </ul> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; tempo libre, lecer e deporte; educación e estudo; tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>– Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.</li> </ul> <p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Expresión de relacións lóxicas: conxunción (et); disxunción (ou); oposición (mais)</li> <li>– Negación (ne/n'...pas).</li> <li>– Interrogación (qui est-ce ?, qu'est-ce que c'est ?, quoi, quand, comment, pourquoi, où; réponses (p. ex. oui, non); adjectif interrogatif (p. ex. quel est ton sport préféré?).</li> <li>– Expresión do aspecto: puntual (frases simples).</li> <li>– Expresión da modalidade: factualidade (phrases déclaratives); intención/deseño (vouloir).</li> <li>– Expresión da existencia (presentativos, c'est, ce sont); da entidade (p. ex. articles définis, indéfinis, noms, pronoms personnels sujet (on); a existencia (ex. il y a, il n'y a pas).</li> <li>– Expresión da cantidade: (plurais regulares; números cardinais ata 2 cifras.</li> <li>– Expresión do espazo (prépositions et adverbes de lieu avec villes et pays (en/au + pays, à + ville), position (ici), distance, mouvement, direction, provenance (venir de + ville).</li> <li>– Expresión do tempo: puntual (l'heure, moments du jour (le matin, le soir); duración (de... à).</li> </ul>

2º	Bloque I	<p>B1.1 Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Identificación de palabras clave.</li> <li>– Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).</li> <li>– Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.</li> </ul>
	Bloque II	<p>B2.1 Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa</li> <li>– Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados</li> <li>– Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos                         <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Modificación de palabras de significado parecido.</li> <li>○ Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</li> </ul> </li> </ul> <p>B2.3 Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas.</p>
	Bloque III	<p>B3.1 Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</li> <li>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.</li> <li>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</li> </ul> <p>B3.2 Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>
	Bloque IV	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Planificación:                         <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repassar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</li> </ul> </li> <li>– Execución:                         <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</li> <li>○ Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</li> <li>○ Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</li> </ul> </li> <li>– Revisión:                         <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Identificación de problemas, erros e repeticións.</li> </ul> </li> </ul>
	Bloque V	B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas

		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</li> <li>- Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</li> </ul> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</li> </ul> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</li> <li>- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</li> </ul> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Familia e amizades; traballo, transporte, tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul> <p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión de relacións lóxicas: causa (parce que); explicativas (parce que).</li> <li>- Relacións temporais (avant, après).</li> <li>- Interrogación: est-ce que?</li> <li>- Expresión do aspecto: habitual (présent).</li> <li>- Expresión da modalidade: capacidade (pouvoir); permiso (pouvoir : est-ce que je peux... ?).</li> <li>- Expresión da existencia (pronoms toniques); os presentativos (ex. c'est, voilà, il est); a cualidade (xénero e número dos adxectivos regulares).</li> <li>- Expresión do espazo (prépositions et adverbes de lieu avec villes et pays (en/au + pays, à + ville), position (ici), distance, mouvement, direction, provenance (venir de + ville), destination (aller à +ville).</li> <li>- Expresión do tempo: frecuencia (d'habitude).</li> </ul>
30	Bloque I	B1.3 Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.
	Bloque II	<p>B2.1 Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados</li> <li>- Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</li> <li>- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</li> <li>- Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:             <ul style="list-style-type: none"> <li>o Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.</li> </ul> </li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo.</li> </ul> <p>B2.3 Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas.</p>
Bloque III	<p>B3.1 Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</li> </ul> <p>B3.2 Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>
Bloque IV	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Planificación: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</li> </ul> </li> <li>– Execución: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</li> <li>○ Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</li> <li>○ Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.).</li> </ul> </li> <li>– Revisión: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Identificación de problemas, erros e repeticións.</li> <li>○ Reescritura definitiva.</li> </ul> </li> </ul>
Bloque V	<p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</li> </ul> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> </ul> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</li> <li>– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</li> <li>– Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.</li> </ul> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; compras básicas; alimentación e restauración; transporte.</li> </ul> <p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Expresión de relacións lóxicas: finalidade (pour); comparación (plus, moins).</li> <li>– Exclamación (Oh là là! On y va!) ; interxección (oui!, non! Zut!)</li> </ul>

- Expresión do tempo: presente; futuro (présent, futur proche); impératif.
- Expresión da modalidade: necesidade (il faut+infinitif); obriga/prohibición (il faut, imperativo); cortesía (distinction tu/vous).
- Expresión da cantidade: (primeros números ordinais; articles partitifs). Adverbios de cantidade e medidas (un peu, trop, assez, beaucoup, un kilo, un tube)
- Expresión do tempo: indicacións de tempo (aujourd’hui); secuenciación (à partir de + heure).
- Expresión do modo (à / en + medios de transporte).

## 5. Criterios de avaliación

### a) Bloque I : Comprensión de textos orais (CO)

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS CLAVE	TEMPORALIZACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• i</li> </ul>	B1.1 B1.2 B1.4	<p>B1.2 Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B1.1 Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.</p>	SLEB1.1 SLEB1.2	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> <li>• CCEC</li> </ul>	1º trimestre
	B1.1	<p>B1.3 Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p> <p>B1.4 Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.</p>	SLEB1.3 SLEB1.4		2º trimestre
	B1.3	B1.5 Esforzarse por mellorar a comprensión oral, tratando de conseguir repeticións por parte da persoa interlocutora mediante peticións expresas, actitude ou comportamento.	SLEB1.5		3º trimestre

b) Bloque II: Producción de textos orais (EO)

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS CLAVE	TEMPORALIZACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• i</li> </ul>	B2.1 B2.2 B2.3	<p>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.</p>	SLEB2.1. SLEB2.2. SLEB2.5.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> <li>• CCEC</li> </ul>	1º trimestre
	B2.1 B2.3	B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	SLEB2.2		2º trimestre
	B2.1 B2.3	<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p>	SLEB2.2. SLEB2.3.		3º trimestre

c) Bloque III: Comprensión de textos escritos (CE)

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS CLAVE	TEMPORALIZACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• i</li> </ul>	B3.1 B3.2	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.</p>	SLEB3.2.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> <li>• CCEC</li> </ul>	1º trimestre
	B3.1 B3.2	B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.	SLEB3.3		2º trimestre

	B3.1 B3.2	B3.4. Comprender textos propios de situaciones cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.	SLEB3.1.		3º trimestre
--	--------------	---	----------	--	--------------

d) Bloque IV: Producción de textos escritos (EE)

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS CLAVE	TEMPORALIZACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• i</li> </ul>	B4.1	B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula. B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.	SLEB4.2.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> <li>• CCEC</li> </ul>	1º trimestre
	B4.1	B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.	SLEB4.1. SLEB4.3.		2º trimestre
	B4.1	B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	SLEB4.4.		3º trimestre

e) Bloque V: Coñecemento da lingua, e consecuencia intercultural e plurilingüe

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS CLAVE	TEMPORALIZACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• i</li> </ul>	B5.1 B5.3 B5.4 B5.5 B5.6 B5.7	B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.	SLEB5.1. SLEB5.2.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> <li>• CCEC</li> </ul>	1º trimestre
	B5.2 B5.3 B5.5 B5.6 B5.7	B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.	SLEB5.4.		2º trimestre

	<p>B5.3 B5.4 B5.5 B5.6 B5.7</p>	<p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>SLEB5.3. SLEB5.5.</p>		<p>3º trimestre</p>
--	---	--	------------------------------	--	---------------------



## 6. Estándares de aprendizaxe

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE BLOQUE 1 · CO	ACADADO CON EXCELENCIA 10 ▶ 9	ACADADO 8 ▶ 7	ACADADO PARCIALMENTE <sup>1</sup> 6 ▶ 5	NON ACADADO 4 ▶ 1
<b>SLEB1.1</b> Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, <u>sen necesidade de repeticións</u>	Comprende a maior parte das preguntas básicas, moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, <u>e se repita se o necesita.</u>	Comprende <u>algunhas</u> preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) <u>Precisa de repeticións.</u>	<u>Non comprende</u> preguntas básicas (ou moi poucas) aínda que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita varias veces.
<b>SLEB1.2</b> Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.	<u>Sempre, ou case sempre,</u> comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula <u>sen necesidade de repeticións nin xesticulacións.</u>	<u>A maior parte das veces</u> comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue, <u>sempre que se repitan e/ou xesticulen,</u> instrucións e consignas de aula.	Comprende <u>algunhas</u> frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue <u>con dificultade, e sempre que se repitan e xesticulen,</u> instrucións e consignas de aula.	<u>Non comprende</u> frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula, <u>a pesar das repeticións e das xesticulacións.</u>
<b>SLEB1.3</b> Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.	<u>Comprende sempre, ou case sempre</u> o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, <u>sen necesidade de repeticións e/ou xesticulacións.</u>	<u>A maior parte das veces</u> comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, <u>sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado e se repitan e/ou xesticulen,</u>	Comprende <u>parte do sentido global</u> e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, <u>con dificultade, e sempre que se repitan e xesticulen,</u>	<u>Non comprende</u> o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, <u>a pesar de que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</u>
<b>SLEB1.4</b> Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.	<u>Comprende sempre, ou case sempre</u> a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares, <u>sen necesidade de repeticións e/ou xesticulacións.</u>	<u>A maior parte das veces</u> comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares, <u>sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado e se repitan e/ou xesticulen,</u>	Comprende <u>parte da información esencial</u> en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares <u>aínda que con dificultade, e sempre que se repitan e xesticulen,</u>	<u>Non comprende</u> a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares <u>a pesar de que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</u>
<b>SLEB1.5</b> Esfórzase por mellorar a comprensión oral, tratando de conseguir repeticións por parte da persoa interlocutora mediante peticións expresas, actitude ou comportamento.	<u>Demostra sempre</u> unha actitude alerta ás comunicacións recibidas, e <u>fai todo o posible</u> por comprender os textos orais: atención, repeticións da mensaxe, solicitude de repeticións á persoa interlocutora, etc.	<u>A maior parte das veces</u> <u>demostra</u> unha actitude alerta ás comunicacións recibidas, e <u>emprega certas estratexias</u> por comprender os textos orais: atención, repeticións da mensaxe, solicitude de repeticións á persoa interlocutora, etc.	<u>En ocasións</u> <u>demostra</u> unha actitude alerta ás comunicacións recibidas, e <u>aínda que non emprega estratexias</u> por comprender os textos orais: atención, repeticións da mensaxe, solicitude de repeticións á persoa interlocutora, etc.	<u>Non demostra</u> unha actitude alerta ás comunicacións recibidas <u>nin emprega estratexias para comprender</u> os textos orais.

<sup>1</sup> Grao mínimo de consecución para superar a materia

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE BLOQUE 2 · EO	ACADADO CON EXCELENCIA 10 ▶ 9	ACADADO 8 ▶ 7	ACADADO PARCIALMENTE <sup>2</sup> 6 ▶ 5	NON ACADADO 4 ▶ 1
<p><b>SLEB2.1</b> Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p>	<p><u>Nas actividades de aula</u>, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p>	<p><u>Na maioría das actividades de aula</u>, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p>	<p><u>Esporádicamente, nas actividades de aula</u>, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p>	<p><u>Non amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira</u> en diferentes situacións comunicativas, e <u>non se esforza por utilizala</u> aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p>
<p><b>SLEB2.2</b> Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	<p>Fai e responde <u>intelixiblemente e sen precisar axuda</u>, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	<p>Fai e responde de <u>xeito razoablemente intelixible e/ou con axuda</u> preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	<p>Fai e/ou responde, <u>aínda que con erros gramaticais, estruturais, léxicos ou de pronuncia</u>, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	<p><u>Non consegue facer nin responder intelixiblemente e mesmo con accións colaborativas</u>, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>
<p><b>SLEB2.3</b> Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	<p><u>Desenvólvese entendendo a totalidade e facéndose entender</u> en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	<p><u>Desenvólvese bastante ben, entendendo o suficiente</u> e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información, <u>aínda que fai uso de outras linguas, da xesticulación e/ou das repeticións.</u></p>	<p><u>Entende parte da información e trasmítea con dificultade</u> en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas, <u>aínda que fai uso de outras linguas, da xesticulación e/ou das repeticións.</u></p>	<p><u>Non entende o suficiente nin se fai entender</u> en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>
<p><b>SLEB2.4</b> Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p>	<p>Participa <u>con corrección e intelixibilidade</u> en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p>	<p>Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, <u>con algunhas incorreccións e/ou desaxustes máis con intelixibilidade</u>, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p>	<p>Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar. <u>Comete certas incorreccións que dificultan a comprensión e/ou non se corresponden co contexto comunicativo.</u></p>	<p>Participa, con moitas dificultades, en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar. <u>Os erros e inadecuacións imposibilitan a comprensión por parte da persoa interlocutora.</u></p>
<p><b>SLEB2.5</b> Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>Preséntase, dá e obtén información básica e sinxela <u>con eficacia e corrección</u> sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>Preséntase e dá e obtén <u>moita, aínda que non toda a información básica desexada</u> sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>Preséntase e dá e obtén <u>algunha información básica e sinxela</u> sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p><u>Non é quen de presentarse, dar nin obter información básica e sinxela</u> sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles.</p>

2 Grao mínimo de consecución para superar a materia

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE BLOQUE 3 · CE	ACADADO CON EXCELENCIA 10 ▶ 9	ACADADO 8 ▶ 7	ACADADO PARCIALMENTE <sup>3</sup> 6 ▶ 5	NON ACADADO 4 ▶ 1
SLEB3.1 Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.	<u>Comprende con fluidez</u> textos adaptados relativos a temas do seu interese.	<u>Comprende practicamente a totalidade dos textos</u> adaptados relativos a temas do seu interese, <u>aínda que se lle escapa algunha mensaxe específica.</u>	<u>Comprende o sentido xeral (tema)</u> dos textos adaptados relativos a temas do seu interese.	<u>Non comprende os textos</u> adaptados relativos a temas do seu interese.
SLEB3.2 Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.	<u>Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles,</u> referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, <u>aínda que non contan con apoio visual.</u>	<u>Comprende a maior parte dos avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles,</u> referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, <u>especialmente se contan con apoio visual.</u>	<u>Comprende algúns dos avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles,</u> referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, <u>sempre que contan con apoio visual.</u>	<u>Non comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles,</u> referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, <u>aínda que contan con apoio visual.</u>
SLEB3.3 Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.	<u>Comprende con fluidez</u> información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.	<u>Comprende, aínda que precisa de varias lecturas,</u> información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.	<u>Comprende certa información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. Na totalidade do texto escrito hai información que non percibe.</u>	<u>Non comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.</u>
SLEB3.4 Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.	<u>Comprende con fluidez</u> información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.	<u>Comprende, aínda que precisa de varias lecturas,</u> información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.	<u>Comprende certa información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos. Na totalidade do texto escrito hai información que non percibe.</u>	<u>Non comprende información esencial nin localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.</u>

<sup>3</sup> Grao mínimo de consecución para superar a materia

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE BLOQUE 4 · EE	ACADADO CON EXCELENCIA 10 ▶ 9	ACADADO 8 ▶ 7	ACADADO PARCIALMENTE <sup>4</sup> 6 ▶ 5	NON ACADADO 4 ▶ 1
<p><b>SLEB4.1</b> Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p>	<p>Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. <u>As incorreccións lingüísticas son inexistentes ou escasas e, en ningún caso, dificultan a comunicación.</u></p>	<p>Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. <u>Comete certas incorreccións gramaticais/ortográficas/léxicas que non dificultan a comunicación.</u></p>	<p>Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. <u>Comete certas incorreccións gramaticais/ortográficas/léxicas que si dificultan a comunicación.</u></p>	<p><u>Non elabora ou ben elabora textos sinxelos con demasiadas incorreccións para consideralos comunicativos.</u></p>
<p><b>SLEB4.2</b> Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).</p>	<p><u>Completa totalmente</u> un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).</p>	<p><u>Completa case a totalidade</u> dun cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).</p>	<p><u>Completa correctamente a metade</u> dun cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).</p>	<p><u>Non completa correctamente</u> un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).</p>
<p><b>SLEB4.3</b> Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.</p>	<p><u>Escribe con total corrección</u> notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.</p>	<p>Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas. <u>As incorreccións cometidas non</u> dificultan a comunicación.</p>	<p>Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas. <u>Comete certas incorreccións gramaticais /ortográficas/ léxicas que si</u> dificultan a comunicación.</p>	<p><u>Non escribe</u> notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas. <u>As incorreccións cometidas impiden</u> a comunicación.</p>
<p><b>SLEB4.4</b> Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p><u>Escribe correspondencia</u> moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha <u>presentación limpa e ordenada.</u></p>	<p>Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo. Ao substituir unha palabra ou expresión por outra <u>comete certos erros que non dificultan a comprensión</u> . Faino tanto de forma manuscrita como en formato dixital. <u>A presentación non sempre é limpa e ordenada.</u></p>	<p>Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, aínda que <u>comete algunhas incorreccións que dificultan a comprensión.</u> Faino tanto de forma manuscrita como en formato dixital. <u>A presentación non é limpa e ordenada.</u></p>	<p><u>Non consegue escribir</u> correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, de maneira que, a pesar das incorreccións lingüísticas, resulte comprensible e comunicativa.</p>

4 Grao mínimo de consecución para superar a materia

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE BLOQUE 5 · Coñecemento lgtco	ACADADO CON EXCELENCIA 10 ▶ 9	ACADADO 8 ▶ 7	ACADADO PARCIALMENTE <sup>5</sup> 6 ▶ 5	NON ACADADO 4 ▶ 1
<p><b>SLEB5.1</b> Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	<p>Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce <u>intelixiblemente</u> léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e <u>iníciase con corrección</u> no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	<p>Identifica a maior parte dos sons e grafías de fonemas básicos, produce <u>con suficiente intelixibilidade</u> léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	<p>Identifica <u>algúns</u> sons e grafías de fonemas básicos, produce, <u>aínda que non sempre con suficiente intelixibilidade</u>, léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.). <u>Ten certas dificultades</u> co uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	<p>Ten <u>moitas dificultades</u> coa identificación de sons e grafías de fonemas básicos. <u>Non produce con suficiente intelixibilidade</u> léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) Os patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases <u>non se aplican ou diferencian entre si</u>.</p>
<p><b>SLEB5.2</b> Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p>	<p>Utiliza <u>adecuadamente</u> as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e <u>amosa respecto</u> polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p>	<p>Utiliza <u>con suficiente corrección para resultar comunicativo (aínda que con incorreccións lingüísticas / contextuais)</u> as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira. <u>Amosa respecto moderado</u> polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p>	<p><u>Non sempre utiliza as convencións orais e escritas básicas</u> propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.). <u>Non sempre amosa respecto</u> polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p>	<p><u>Non utiliza adecuadamente</u> as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.). <u>Non amosa respecto</u> polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p>
<p><b>SLEB5.3</b> Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>Nas actividades de aula, <u>pode explicar en autonomía</u> o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>Nas actividades de aula, <u>pode explicar, aínda que con preguntas guía,</u> o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>Nas actividades de aula, <u>intuímos que entende, mais non pode explicar claramente,</u> o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>Nas actividades de aula, <u>non pode explicar</u> o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>
<p><b>SLEB5.4</b> Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.</p>	<p><u>Comprende e comunica con corrección</u> o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (<u>utilizando adecuadamente</u> as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente).</p>	<p><u>Comprende e comunica eficazmente, aínda que con incorreccións discursivas e/ou lingüísticas,</u> o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula.</p>	<p><u>Comprende e comunica con certas dificultades e grazas a axuda da persoa interlocutora</u> o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula. <u>Utiliza con incorreccións</u> as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.</p>	<p><u>Non comprende e/ou non comunica</u> o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula. <u>Non utiliza adecuadamente</u> as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente, do que resulta a <u>incomunicación</u>.</p>
<p><b>SLEB5.5</b> Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p><u>Participa activamente</u> en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, <u>evitando estereotipos lingüísticos ou culturais,</u> e <u>valora as competencias</u> que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p><u>Participa en proxectos, aínda que carece de iniciativa,</u> nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, <u>non sempre evita estereotipos lingüísticos ou culturais,</u> e <u>valora moderadamente</u> as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p><u>Participa en poucos proxectos ou de maneira pouco entregada</u> nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais. <u>Aprécianselle algúns estereotipos lingüísticos ou culturais,</u> e <u>non valora moi positivamente</u> as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p><u>Non participa</u> en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, <u>emprega estereotipos lingüísticos ou culturais,</u> e <u>non valora</u> as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>

5 Grao mínimo de consecución para superar a materia

## 7. Procedementos e instrumentos de avaliación

De acordo co Real Decreto 1105/2014 polo que se establece o currículo básico da ESO, e co referente ao sinalado no artigo 20:

1. Teranse en conta os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran no punto 6 desta programación.
2. A avaliación do proceso de aprendizaxe será **continua, formativa e integradora**.
3. Aplicaranse **medidas de reforzo** educativo cando o progreso dun(ha) alumno/a non sexa o axeitado, tratando de garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
4. Sen prexuízo nas calificacións obtidas, as avaliacións **adaptaranse**, se así cómpre, ás necesidades educativas especiais do alumnado.
5. Avaliarase, tanto a aprendizaxe do alumnado, como a práctica docente. Conxuntamente, os membros do Departamento estableceremos os **indicadores de logro da programación didáctica**.

Tendo en conta o anterior, establecemos os seguintes **instrumentos e actividades de avaliación** no noso Departamento:

1. O **caderno de clase**, na que deberán estar recollidas tódalas actividades da asignatura: apuntes das explicacións, exercicios, fotocopias entregadas, etc. Poderá ser demandada polo profesor para a súa corrección sen previo aviso. Nela valoraranse aspectos tales como a constancia, o interese, o orde e a limpeza, a atención prestada ás explicacións, e por suposto o grao de asimilación dos contidos.
2. A **observación directa** na clase, coa que se pode valorar o interese, a forma de traballar (individualmente e en grupo), a participación, o respecto ás normas, a actitude cara o emprego do francés na aula, o comportamento, etc.
3. A **realización e exposición de traballos monográficos**, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade na que se encaixen, aspectos previamente definidos en cada actividade (calidade do contido, presentación, puntualidade de entrega, exposición, etc.)
4. Os **exames escritos**, nos que se valorará o grao de asimilación dos contidos [valorados de 0 a 10 puntos].
5. Os **controis de verbos e vocabulario** [valorados de 0 a 10 puntos].
6. As **probas orais** (representacións, diálogos, dramatizacións, lecturas, etc) [valoradas de 0 a 10 puntos]
7. **Aula Cesga**, con exercicios para cada unidade e que deberán ser realizados antes da fin de cada trimestre. [valorados de 0 a 10 puntos].

	1ª avaliación	2ª avaliación	3ª avaliación
BLOQUE 1 · CO	Control de CO (audio, conversa, etc.)	Control de CO (audio, conversa, etc.)	Control de CO (audio, conversa, etc.)
BLOQUE 2 · EO	<u>Producción</u> Control de lectura  <u>Interacción</u> - Representación de diálogos - Conversa/Entrevista relativa a toma de contacto e datos persoais.	<u>Producción</u> Presentación oral dun tema previamente traballado en clase (familia, escola, etc.)  <u>Interacción</u> Responder individualmente ás preguntas referidas aos diferentes membros da familia que figurarán na árbore xenealóxica que o alumnos terán que realizar na casa.	<u>Producción</u> Presentación oral dun tema previamente traballado en clase (familia, escola, etc.)  <u>Interacción</u> Responder individualmente ás preguntas referidas aos diferentes temas traballados durante todo o curso.
BLOQUE 3 · CE	Control escrito de comprensión lectora	Control escrito de comprensión lectora	Control escrito de comprensión lectora
BLOQUE 4 · EE	Control escrito Proxecto de EE	Control escrito Proxecto de EE	Control escrito Proxecto de EE
BLOQUE 5 · CL	Controis de verbos e vocabulario Aula Cesga	Controis de verbos e vocabulario Aula Cesga	Controis de verbos e vocabulario Aula Cesga

Os controis mencionados arriba para cada un dos bloques poderán levarse a cabo de maneira conxunta ou independente.

## 8. Criterios de cualificación e promoción do alumnado

---

Cada bloque computará un 20% da nota final de cada avaliación, que resultará do total das calificacións acadadas nos instrumentos de avaliación empregados en cada bloque para avaliar o grao de consecución dos contidos.

APARTADO 1. Escrito (60%)		APARTADO 2. Oral (40%)	
Bloque 3 · CE	20%	Bloque 1 · CO	20%
Bloque 4 · EE	20%	Bloque 2 · EO	20%
Bloque 5 · CL	20%		

A calificación final obtense da suma das notas obtidas nos diferentes bloques, sempre e cando no apartado 1 se obtivese unha calificación mínima do 3,5 / 10 (resultante da media das calificacións nos diferentes instrumentos de avaliación). En caso de non ser así, a calificación final non incluíra as calificacións parciais do apartado 2.

Asemade, teranse en conta outros aspectos (ver estándares):

- Progresos académicos realizados na aula (constatables por observación directa e/ou a través do caderno)
- Actitude de cara a materia
- Comportamento cos iguais e co profesorado

Prevese un 10% suplementario que se sumará á cualificación final de cada avaliación, sempre que o grao de adquisición sexa "acadado con excelencia".

O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual a superior a 5.
- Non se poderán ter máis de 3 faltas de deberes acumuladas no trimestre.
- As notas do caderno e do comportamento deberán ser B ou MB.
- Ter entregado tódolos traballos e/ou proxectos.

Hai que lembrar que dado que a **avaliación é continua**, o aprobado en cada unha supón a recuperación das anteriores.

**O suspenso da última avaliación**, por tanto, **implica acudir á convocatoria extraordinaria co curso completo**.

## 9. Organización de actividades de recuperación de materias pendentes

---

De cara ao alumnado que se atopa nun curso superior coa materia de Francés 1º ESO pendente, este Departamento prevé as seguintes medidas:

1. Reunión colectiva con todo o alumnado do centro coa materia de Francés pendente.
2. Entrega de información sobre contidos, criterios de cualificación e promoción.
3. Material de traballo para preparar a materia pendente.
4. Titorías co profesorado do Departamento para facer un seguimento previo ás probas escritas.
5. Probas escritas conforme ao calendario oficial do centro para o curso actual.

Para superar a materia pendente, o alumnado deberá acadar na proba final do mes de maio ou nas probas de xaneiro e abril unha nota igual ou superior a 4'5/10.

En caso de non superar unha das probas de xaneiro ou abril, poderá examinarse desa parte da materia no mes de maio.

Na convocatoria extraordinaria do mes de setembro o alumnado deberá examinarse da totalidade da materia.

**Contidos mínimos para a recuperación da materia pendente de 1º ESO**

1º parcial	2º parcial	Léxico
Saúdos, tanto ao chegar como ao marchar Presentacións (nome, apelidos, país) Comprensión de mensaxes escritas moi sinxelas, unha descrición, por exemplo Emisión de preguntas sinxelas para o primeiro contacto con alguén Números (0-30) Être e avoir en presente Artigos determinados e indeterminados en masculino e feminino Negación	Descrición dunha persoa (6 frases) Verbos do primeiro grupo Verbos Être e Avoir Verbos reflexivos Pronomes interrogativos Preposicións básicas ( <i>devant, derrière, sur, sous, dans, à côté de, à droite de...</i> ) Números (0-100) A expresión da hora Os momentos do día	A familia As profesións As cores A escola Os días da semana Os meses do ano As estacións O clima As partes do corpo

**INDISPENSABLE:** Ser capaz de facer unha descrición e realizar e respostar preguntas para entrar en contacto con alguén.

## 10. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

---

Dado que, para a inmensa maioría do alumnado, se trata da primeira vez que entran en contacto coa lingua francesa e/ou a materia de francés, non valoraremos os coñecementos previos.

Porén, si que trataremos de abordar os seguintes puntos, plantexándoos como primeira toma de contacto:

- Orixe da lingua
- Francofonía (extensión xeográfica da lingua francesa)
- Galicismos no galego e castelán
- Recoñecemento oral e escrito de textos en francés

## 11. Metodoloxía

---

- **Activa e participativa**, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes
- **Aprendizaxe significativa**, de modo que as novas adquisicións do estudante enlacen cos coñecementos previos, para dar lugar a reestruturacións mentais cada vez máis inclusivas, amplas e ricas.
- **Aprendizaxe funcional**, segundo o cal as actividades de ensino-aprendizaxe parten de situacións reais, académicas e sociais, e retornan a elas en formas diversas de aplicación científica, técnica, social, etcétera.
- **Recursos didácticos diversos** e fontes de información variadas.
- **Métodos** que teñan en conta os **diferentes ritmos de aprendizaxe**, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.
- Emprego do **francés como lingua vehicular** na maior parte dos contextos posibles, tanto nas interaccións orais como nas escritas.
- **Metodoloxía de proxectos**, para unha adquisición eficaz das competencias. Diseñarase actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- **Reflexión conxunta sobre o funcionamento da lingua**, encamiñándoa a que os alumnos poidan utilizar os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as alleas.
- Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un **tempo á lectura**, así



como actividades directamente ligadas ao fomento da lectura e á adquisición da competencia lingüística na súa vertente escrita (fotonovelas, banda deseñada, novelas vía twitter, lecturas recomendadas, etc.)

- **Disposición da aula en pequenos grupos**, o que facilita a interacción visual, a cooperación e promove unha mellor comunicación. Desaparecen por outra banda os lugares privilexiados de "diante-atrás", asimilados con frecuencia aos alumnos máis disciplinados e os máis díscolos respectivamente.
- **Uso das TICs**; certos grupos presentarán con moita frecuencia os seus traballos en formato dixital mediante as ferramentas que nos ofrece Google, concretamente Drive.

## 12. Materiais e recursos didácticos

---

- Programación Didáctica
- Libros de texto de diversas editoriais
- Múltiples páxinas web dedicadas á aprendizaxe do FLE
- Prensa e radio francófona en liña
- Plataformas de difusión de vídeo (Youtube) onde atopar documentos audiovisuais auténticos
- Dicionarios bilingües e conxugadores
- Atlas e mapas en francés
- Lecturas adaptadas
- Cartaces ilustrativos
- Xogos de elaboración propia
- Documentos auténticos

## 13. Medidas de atención á diversidade

---

O tratamento á diversidade recóllese de diferentes formas:

- Consideramos que unha das mellores estratexias para a **integración** do alumnado con necesidades educativas especiais ou con determinados problemas de aprendizaxe é implicalo nas mesmas tarefas que o resto do grupo, con **distintos niveis de apoio e esixencia**.
- Nunha lingua o **traballo en "espiral"** e indispensable e inevitable, o que nos ofrece a posibilidade de retomar un contido non asimilado nun momento posterior de traballo, co que se evita a paralización do proceso de aprendizaxe de dito sector do alumnado con exercicios repetitivos, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación.
- A posibilidade de **distinto nivel de profundización** en moitas das actividades propostas, permitirá atender demandas de carácter máis profundo por parte de aqueles alumnos con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado.
- As diferentes actividades que se plantexan intentan conectar ao alumnado cos coñecementos que adquiriu, comezando nas primeiras semanas por realizar un **repaso dos contidos básicos** dese nivel inicial. Vannos servir para establecer as bases de todos os contidos daqueles sectores dos alumnos con deficiencias neste sentido, sendo dunha maneira continua e dentro do proceso; desta forma abórdase unha ensinanza individualizada e adaptada a cada alumno.
- De igual xeito, e mantendo esta mesma progresión, os **exercicios van crescendo paulatinamente de nivel**, para cubrir as necesidades daquel alumnado que demanda unha maior profundización de contidos, ben polo nivel de partida dos mesmos, ou polo interese que o mesmo mostra polo tema en concreto. Desta forma ínstaselle a unha investigación que permite afondar en determinadas cuestións.
- Proponse o **intercambio de saberes** con outros compañeiros a base de traballos en grupos organizados.

## 14. Elementos transversais

---

Ademais das **competencias claves**, ás que trataremos de contribuir en maior ou menor medida, abordaremos de maneira implícita e/ou explícita a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de **calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia**, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

**Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos** que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Aproveitando o tema dos hábitos e rutinas abordaremos o tema da **saúde**, da **hixiene** e da **sexualidade** dende unha óptica informativa, contrastada e non moralizante.

## 15. Actividades complementarias e extraescolares

---

- **Semana da francofonía.** Semana convocada pola Organización Internacional da Francofonía para que os 70 Estados e Gobernos que a forman celebre o seu enlace común -a lingua francesa- así como a súa diversidade. En 2016 as datas propostas xiran en torno ao 20 de marzo, cadrando con período vacacional en Galicia, polo que fixaremos unhas datas alternativas según o calendario do centro.
- **Intercambio cultural e lingüístico.** O alumnado de 3º ESO viaxará no mes de marzo a Ailly-le-haut-clocher (Somme, Picardie). Previamente, no mes de febreiro recibiremos ao grupo francés do Collège Alain Jacques. A presenza do grupo francés no noso centro será motivo de eventos diversos dos que todo o alumnado, e mesmo a comunidade educativa poderá participar.
- **Exposicións temporais** de traballos realizados polo alumnado de Francés.
- **Concurso *Savais-tu?***, que pretende motivar ao alumnado á investigación a través de acertixos semanais sobre a cultura francófona ou a lingua.

## 16. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

---

1. Correspondencia entre a temporalización prevista e a progresión do proceso de ensino.
2. Grao de satisfacción do alumnado.
3. Cualificacións obtidas polo alumnado.

## 17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das PD en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

---

Os membros do Departamento elaborarán instrumentos que permitan a correcta avaliación da presente Programación Didáctica.

- Para avaliar a PD:
  - **Informes** dos membros do Departamento durante as reunións. Inclúense na memoria final do curso, onde se especificarán o total das unidades impartidas, as modificacións introducidas, se fose o caso, e as suxeridas.

- Para avaliar o proceso de ensino:
  - **Cuestionarios** cubertos polo alumnado acerca da materia, das prácticas docentes e da súa aprendizaxe.
  - **Ferramentas tipo portfolio** para verificación por parte do alumnado da súa propia evolución.
  - **Cualificacións** obtidas polo alumnado de cada grupo, curso e en cada avaliación.

Os resultados das análises levadas a cabo serán incluídos na memoria final de curso.

---

Os membros deste Departamento están conformes con esta programación didáctica e para dar constancia, asíana a data de hoxe, xoves 29 de outubro de 2015.

Berta Gómez López

Mª Olga López Taladrid

Joaquín Morales Leyva